

**Acto solemne de investidura como *Doutor Honoris Causa*  
do Prof. Dr. D. Andrés Santiago Suárez Suárez  
pola Universidade de Sevilla  
(Sevilla, 28 de maio de 1997)**

*Recibido:* 24 de outubro de 2007

*Aceptado:* 8 de novembro de 2007

**ELOXIO E PETICIÓN DO PROFESOR DR. D. MANUEL ORTIGUEIRA  
BOUZADA, PADRIÑO DO DOUTORANDO PROF. DR. D. ANDRÉS SANTIAGO  
SUÁREZ SUÁREZ**

Excelentísimo e magnífico señor reitor.  
Excelentísimas e ilustrísimas autoridades.  
Claustrais, profesores, alumnos.  
Señoras e señores.

Correspondeume o alto honor de facer a *laudatio* do catedrático da Universidade Complutense don Andrés Santiago Suárez Suárez neste solemne acto da súa investidura como *Doutor Honoris Causa* pola Universidade de Sevilla.

O profesor Andrés Suárez naceu o 6 de outubro de 1939 en Luaña, municipio de Brión, na Coruña. Coñecino no outono de 1957, hai agora corenta anos, cando ambos os dous coincidimos cursando os estudos de profesorado mercantil na Escola Superior de Comercio da Coruña. Foi daquela cando se forxou entre nós unha sincera amizade que aínda perdura.

O noso primeiro encontro tivo lugar cando viaxabamos no vello tranvía que facía o percorrido desde o Cantón a Riazor. Foi unha tarde ao regresar de clase, atilados con chaqueta e gravata, o obrigado “uniforme” dos estudantes daquela.

Axiña puider verificar por min mesmo a extraordinaria calidade intelectual que xa daquela posuía Andrés Suárez. Unha calidade que gozaba do recoñecemento xeneralizado non xa dos seus compañeiros de estudos senón, e o que é mellor, dos seus propios profesores. Un destes, don Antonio Fernández Montels, sevillano de pura cepa, fixo célebre un exame de reválida que Andrés Suárez superaría co premio extraordinario. Os examinadores quedaron abraiados cando, ante unha pregunta aparentemente intrascendente de Dereito Mercantil, o noso mestre de hoxe respondeu desenvolvendo a sutil controversia existente sobre a materia cun amplo abano de citas relativas aos xuristas máis prestixiosos que se ocuparan do tema.

A Coruña de finais dos anos cincuenta era unha cidade cosmopolita por excelencia, onde se combinaban harmoniosamente o antigo e o moderno nunha contorna protagonizada case exclusivamente polo mar. Neste ambiente o profesor Suárez réxese por unha férrea disciplina no estudo, que non só lle produce a satisfacción de alcanzar e manter o liderado das cualificacións do seu curso senón as propias do

filósofo, do amante do saber e de quen acepta o desafío da indagación e do descubrimento. Tamén podo evocar con plena claridade a súa faciana de euforia cando, tras unha formulación absolutamente correcta e unhas interminables e tediosas operacións, conseguiu simular e resolver mediante programación matemática o problema do desembarco de Normandía proposto polo noso profesor don Serafín Vázquez Costa. Para aquela época, sen os ordenadores e as sofisticadas calculadoras dos nosos días, aquel logro tiña un mérito indiscutible.

Tamén me lembro, como se sucedera onte, os paseos de Andrés Suárez polo porto comercial da Coruña. A finalidade non era outra cá de practicar a conversación en alemán coas tripulacións dos barcos con matrícula xeralmente de Bremen. Son testemuña de que xa daquela o nivel de alemán do profesor Suárez era excelente, como testemuña fun da súa afección pola música popular mexicana e polos paseos nocturnos ao Orzán os días de forte temporal, cando as grandes ondas do mar embravecido se esnaquizaban contra as rochas, elevando a espuma branca cara ao ceo coa fluorescencia dos enxeños pirotécnicos máis brillantes e espectaculares.

### **Os seus comezos**

Concluídos os seus estudos de licenciado en Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais (sección de Económicas e Comerciais) nas especialidades de Economía Xeral e Economía da Empresa cun expediente académico brillantísimo, iniciou Andrés Suárez a súa andaina académica na Universidade Complutense de Madrid como profesor axudante, primeiro, para logo alcanzar as categorías docentes de profesor encargado de curso e de profesor adxunto de Economía da Empresa.

Cando no ano 1968 gaña por oposición –co número un– a cátedra de Organización e Administración de Empresas da Escola Superior de Comercio de Alacante, leva xa moitos anos brillando progresivamente con luz propia, luz que aumenta a súa intensidade o 14 de abril do ano 1969, día no que le e defende a súa tese de doutoramento e na que obtén a cualificación de sobresaliente *cum laude* con premio extraordinario.

### **O seu paso por Málaga**

O tempo que transcorre desde outubro do ano 1969 ata novembro do ano 1973 foron os anos do profesor Suárez en Málaga. O primeiro deles como catedrático interino de Economía da Empresa e os tres seguintes como catedrático titular da disciplina, sendo ademais decano da Facultade durante os dous últimos anos dese cuatrienio. A de Málaga foi a cuarta Facultade de Economía creada en España, despois das de Madrid, Barcelona e Bilbao. Catro anos son moitos na vida dunha persoa e moi poucos na andaina dunha institución universitaria, pero os catro de maxisterio de Andrés Suárez foron suficientes para que en moitos dos seus alumnos se espertara ou se afianzara a nosa vocación pola docencia e pola investigación no eido da economía e da administración de empresas, a maioría dos cales, grazas á

súa sempre valiosa e desinteresada axuda, somos hoxe catedráticos en diferentes universidades españolas.

Desta etapa malagueña, ademais de varios artigos de excelente calidade, relevantes na literatura española da economía da empresa, son froito os dous primeiros libros publicados polo profesor Suárez: *Aplicaciones económicas de la programación lineal* (Madrid: Guadiana de Publicaciones, 1970) e *Programación económica por el método del transporte* (Madrid: Instituto de Desarrollo Económico, 1972). Así mesmo, cómpre destacar o seu labor como director de investigación, froito do cal se realizan e defenden con éxito as súas primeiras teses de doutoramento.

Os anos do profesor Suárez en Málaga estiveron presididos por un dos atributos que se mostraron invariables ao longo da súa vida: o traballo. Fun testemuña directa das súas moi longas xornadas de traballo, que se iniciaban sempre cedo e que se prolongaban ata altas horas da madrugada en infinidade de ocasións. E deste espírito de traballo contaxiámonos todos os que formabamos parte do seu grupo de docencia e investigación. Era unha constante para o garda da Facultade de Ciencias Económicas ter que abrir a porta ás tres e catro da madrugada para que puideran saír os discípulos de don Andrés Suárez. Ademais, Málaga tivo un significado especialmente transcendente na vida afectiva do noso mestre, por canto que foi nesa incomparable cidade onde coñeceu a María Gregoria García Arribas, académica coma el, coa que fundou unha admirable familia que o acompañou ao longo do último cuarto de século.

### De novo en Madrid

Á súa volta a Madrid –por concurso de traslado–, o profesor Suárez ten que asumir a dirección do Departamento ou Área de Investimento e Financiamento da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Complutense, responsabilidade que compatibiliza, por pedimento da superior autoridade académica, coa de director do Departamento de Economía da Empresa e Contabilidade da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) desde o ano 1975 ata o ano 1980.

É durante esta época cando o profesor Suárez é conselleiro científico ou membro do consello de redacción dunha boa parte das revistas científicas máis importantes do país sobre temas de economía e de administración de empresas. Cabe citar, entre outras, a *Revista de Economía Política*, a *Revista de Económicas y Empresariales* e a *Revista Española de Financiación y Contabilidad*.

Desde o ano 1979 ata o ano 1982 dirixe as coleccións de “Economía y Administración de Empresas” e “Escuela de Salamanca” de edicións Pirámide. Así mesmo, durante o trienio 1980-1983 é *associate editor* da revista científica *Journal of Banking and Finance*, editada en inglés pola prestixiosa editorial North Holland.

E aínda ten tempo durante esta frutífera etapa para publicar libros e artigos, pronunciar conferencias en universidades nacionais e estranxeiras e nas tribunas de moitas das máis importantes institucións económicas e financeiras do país.

No ano 1976 publica o profesor Suárez *Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa*, unha obra emblemática dentro da economía da empresa, cuxa decimoitava edición viu a luz o pasado ano. As súas obras *Economía financiera de la empresa* e *Orden económico y libertad* foron publicadas as dúas no ano 1981.

### **A súa etapa do Tribunal de Contas**

O 30 de xuño de 1982, Andrés Suárez é elixido polo Parlamento español para ocupar, durante un período de nove anos, a responsabilidade de conselleiro do Tribunal de Contas de España, que é o supremo órgano fiscalizador da actividade económico-financiera do Estado. Os que o coñeceron ou tiveron a sorte de traballar ás súas ordes souberon da súa competencia, da súa independencia, da súa seriedade e da súa honestidade. Esta actitude recta plasmouna na prensa española a pluma dun prestixiosísimo profesional e mestre dos medios de comunicación social.

Como consecuencia da súa actividade profesional no Tribunal de Contas tivo que comparecer en diferentes ocasións na Comisión Mixta Congreso-Senado para as Relacións co Tribunal de Contas a fin de explicarlles aos seus membros cuestións puntuais dos informes de fiscalización nos que el actuara como relator e polo que aparece, xa que logo, nos correspondentes índices de oradores dos diarios de sesións do pleno e da deputación permanente e das comisións.

Ao longo dos nove anos en que foi conselleiro do Tribunal de Contas, e a forza moitas veces de restarlle horas ao seu tempo de descanso, non abandonou a súa actividade de estudo e investigación: colaborou coa universidade sempre que puido e cantas veces esta llo pediu, representou ao Tribunal de Contas en varios congresos internacionais de entidades fiscalizadoras superiores, participou como corelator na conferencia internacional que tivo lugar na sede das Nacións Unidas en Viena do 20 ao 22 de setembro de 1986, no marco do Programa de Formación en Auditoría Pública.

Formou parte da misión técnica que, a petición da Auditoría Xeral da República Popular China, enviou o Tribunal de Contas de España en setembro do ano 1988 para impartir un ciclo de conferencias sobre *Auditoría de empresas públicas internacionales*.

Participou, representando a España, no XIII INCOSAI (*International Congress of Supreme Audit Institutions*), que tivo lugar en Berlín do 12 ao 21 de xullo de 1989. A Andrés Suárez correspondeulle a honra de ser un dos relatores do dito congreso.

Dirixiu o curso de formación sobre *Auditoría Financiera e Value for Money Audit* para os técnicos do Tribunal de Contas de Portugal, que tivo lugar en Lisboa, na sede desta institución, do 18 ao 22 de xuño de 1990, por invitación do seu presidente.

Da súa etapa no Tribunal de Contas son froito as monografías editadas polo Servizo de Publicacións do dito organismo, *La empresa pública y su control* e *El*

control o fiscalización del sector público. Auditorías de eficiencia, e o traballo “Control de la actividad económico-financiera del sector público. La interdependencia de los diferentes tipos de auditoría y ciclos de control”, publicado no *International Journal of Government Auditing* en xullo do ano 1987, que mereceu a cualificación de *excelente* por parte do *board of editors*, así como o libro *La moderna auditoría. Un enfoque conceptual y metodológico*, publicado pola editorial McGraw-Hill.

### A nova etapa

Concluído o período de nove anos como conselleiro do Tribunal de Contas para o que foi nomeado polas Cortes Xerais, Andrés Suárez reincorporouse á súa cátedra de Economía na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Complutense, tarefa que desempeña a tempo parcial. Completa a súa dedicación como profesor e director de área do Colexio Universitario de Estudos Financeiros (CUNEF), unha institución universitaria que patrocina a Asociación Española de Banca, dependente academicamente da Universidade Complutense.

Segue publicando libros e artigos, participando en congresos e pronunciando conferencias por toda a xeografía nacional. Entre as publicacións máis relevantes do profesor Suárez nesta nova etapa cómpre citar as seguintes: o *Diccionario de economía y administración*, editado por McGraw-Hill no ano 1992; o traballo “Crisis económica y Unión Europea”, contido nunha obra colectiva publicada pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Complutense con motivo do cincuenta aniversario da súa creación; e, así mesmo, o traballo “Economía y finanzas. De la teoría de los mercados a la teoría de la empresa”, recollido na obra colectiva *¿Qué es economía?*, aparecida recentemente no mercado do libro español.

O profesor Suárez é membro de diversas sociedades e asociacións científicas nacionais e estranxeiras. Entre elas mencionarei a American Economic Association, a American Academy of Management e a Financial Management Association.

No terreo da divulgación de temas económicos e sociais, o profesor Suárez publicou numerosos artigos xornalísticos nos xornais *La Voz de Galicia*, *El País* e *ABC*. Así mesmo, fixo incursións no terreo literario con algúns traballos que lle permitiron recuperar antigas tradicións e costumes da vida rural de Galicia. Eu destacaría dous libros dotados dun especial encanto: a obra costumista *Mira prá Luaña* e o conto *O raposo Careto*.

Non é posible concluír a miña presentación, resumida e sintética por necesidade, en torno á figura do eminente profesor Andrés Santiago Suárez Suárez, o noso mestre e amigo de sempre, que tan prolongada, intensa e diversa influencia exerceu sobre nós, sen facer referencia á súa dimensión ética. En efecto, o seu maxisterio fíxonos partícipes do seu saber e do fulgurante produto das súas reflexións, ben no eido da investigación operativa e da análise cuantitativa ou ben no terreo da ciencia económica da empresa ou na esfera dunha extensa variedade de disciplinas econó-

micas, financeiras e administrativas. Pero son sobre todo a súa actitude firme, recta e comprensiva, o seu estilo elegante, sobrio e digno, e o seu talante sincero, xeneroso e honesto, os atributos imperecedeiros e exemplares que engrandecen aínda máis a un persoeiro xa célebre polos seus traballos e contribucións espalladas por numerosos países a través de variadas linguas. Un persoeiro que consagrou a súa vida aos demais, ao traballo esforzado, á busca e transmisión do coñecemento no marco do espírito altruísta e universal que desde sempre inspirara a nosa vella academia.

Por todo canto antecede, Excmo. e Magnífico Sr. reitor, teño a ben solicitar en representación formal do Departamento de Administración de Empresas e Comercialización e Investigación de Mercados (Marketing) que se proceda á investidura co grao de *Doutor Honoris Causa* en Economía pola Universidade de Sevilla ao profesor Dr. D. Andrés Santiago Suárez Suárez.

**DISCURSO PRONUNCIADO POR ANDRÉS SANTIAGO SUÁREZ SUÁREZ,  
CATEDRÁTICO DA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID,  
CON MOTIVO DA SÚA INVESTIDURA COMO *DOCTOR HONORIS CAUSA*  
POLA UNIVERSIDADE DE SEVILLA O DÍA 28 DE MAIO DE 1997**

**ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN SOCIAL**

**A modo de introdución**

Excelentísimo señor reitor magnífico, excelentísimas e ilustrísimas autoridades, señoras e señores. Moitas grazas. A verdade é que no sei moi ben cal é a razón pola que eu estou hoxe aquí. Non sei se é polos meus méritos, se é que teño algúns, que algúns debo ter, ou pola súa infinita xenerosidade. Sexa polo que sexa aquí estou, e debo dicirlles, por cousa de ser sincero, que me fai moita ilusión ser *Doutor Honoris Causa* pola Universidade de Sevilla. Iso comprométeme, sen dúbida, pero tamén me anima a seguir adiante, a seguir traballando como creo que fixen ata agora desde que teño uso de razón.

Hai xa bastantes anos un ex compañeiro de colexio, que viviu toda a súa vida do conto, sen dar golpe e con algunha que outra estafa, dixérame “*só traballades os que non sabedes facer outra cousa*”, unha reflexión tan filosófica de alguén a quen nunca se lle coñecera oficio e que me fixo meditar máis dunha vez. Pero bastantes máis veces fíxome meditar o que moito máis recentemente lle escoitei a un ilustre colega da universidade española: “*Desengánate –díxome–, estudar, dar clases, facer libros e escribir artigos non serve para nada; o que vale é o poder, a intriga e o intercambio de favores; non perdas máis tempo traballando para os alumnos, que eles traballen para ti*”.

Confésolles que esta segunda consideración e outras de parecido teor que lles teño escoitado a bastantes colegas durante os últimos anos me causaron, ademais

de indignación, unha fonda tristeza, porque comprendín que, ademais de cínicas, estas consideracións eran sinceras e certas na súa descrición do modo de funcionar da sociedade actual.

Por iso sorprendeume tanto e agradecerei sempre o importantísimo recoñecemento que esta Universidade lle fai a alguén que, se algún mérito ten, é o de ter traballado denodadamente para procurar estar ao día e explicarlles aos seus alumnos o último da disciplina cuxa ensinanza ten encomendada; a alguén que aínda que está convencido das virtudes do mercado como sistema de asignación de recursos e como mecanismo xeral de coordinación da actividade económica, de ningunha maneira acepta que todo se poida comprar ou vender por diñeiro, e que pensa que hai cousas que non poden ser obxecto de mercado aínda que deran por elas todo o ouro do mundo; facédesllo a alguén, iso si, que está firmemente convencido de que o traballo persoal organizado é a principal fonte do progreso económico dos pobos e de que na realización práctica do superior valor da xustiza se atopa o verdadeiro fundamento de toda paz ou harmonía social.

A miña gratitude quero expresarlle, en primeiro termo, ao Departamento de Organización de Empresas, do que partiu a proposta da miña candidatura, e de maneira especial ao meu queridísimo colega e vello amigo don Manuel Ortigueira Bouzada, a don Emilio Pablo Díez de Castro, ao ilustrísimo señor decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais don Javier Landa Bercebal, a don Enrique Martín Armario, a don José Antonio Domínguez Machuca, a don Ramón Ruiz, a don Guillermo Sierra e mais a don Camilo Lebón, e neles a todos os membros do Claustro da Facultade e da Universidade.

Esta gratitude quero facela extensiva aos colegas e amigos doutras universidades e cidades de España que, facendo unha paréntese no seu traballo diario e vindo desde lonxe nalgúns casos, quixeron estar hoxe aquí comigo.

### **Circunstancias persoais e experiencias vitais**

Nado nunha pequena aldea (Goiáns, parroquia de Luaña, termo municipal de Brión) perdida en medio dos bosques druídicos da desembocadura do río Tambre na ría de Noia (A Coruña) –o antigo Tamara, que deu nome a unha dinastía real–, e na que non había luz eléctrica nin auga corrente nos fogares nin estradas e onde as terras seguían arándose co típico arado romano tirado por unha xunta de bois, tiven a sorte de poder ver como en menos de catro décadas (sobre todo a partir do ano 1960, coa posta en práctica das políticas de concentración parcelaria e de ordenación rural) a comarca na que eu nacín e me criei figura entre as máis desenvolvidas de Europa.

As estradas chegan hoxe a todos os recantos. Non hai fogar que non dispoña dun ou dous cuartos de baño, cando menos de dous ou tres televisores, de teléfono, de maquinaria agrícola de toda clase e de varios automóbiles por unidade familiar. En menos de catro décadas a miña aldea natal alcanzou un nivel de vida que á maior parte dos pobos da vella Europa lles custou máis de dous milenios.

Niso tiveron moito que ver, sen dúbida, as axudas nada desbotables da Administración Pública. Pero neste increíble e explosivo proceso de desenvolvemento económico local tivo moito máis que ver o tesón e mais o afán de superación dos seus habitantes. Xentes rudas, educadas na moral do esforzo, acostumadas a gañar o pan co suor da súa fronte e a arrancar das entrañas da terra ou do mar todo o sustento que necesitaban. As primeiras e máis imprescindibles obras públicas locais foron decididas en asembleas veciñais e realizadas coa contribución voluntaria dos propios veciños, sen ningunha axuda exterior.

Decidinme polos estudos de economía a finais da década de 1950, logo de pasar pola escola da aldea e de realizar os estudos de comercio na Academia Comercial de Santiago de Compostela, primeiro, e na Escola Superior de Comercio da Coruña, despois.

Foron os anos de miseria que seguiron á conclusión da nosa Guerra Civil e da Segunda Guerra Mundial o que determinou que eu me inclinara polos estudos de economía e, en particular, polos de economía da empresa. Entristeciame enormemente o drama humano da pobreza e da emigración. Quería coñecer a fondo, con criterio científico, o porqué uns pobos sobrados de recursos naturais viviran na miseria mentres que outros, carentes deles, nadaran na abundancia. Intuí que a lacra social do subdesenvolvemento era un problema de mala administración e que as empresas e os empresarios eran claves para mobilizar os recursos económicos.

Adoitaba acudir de vez en cando a despedir algúns daqueles xigantescos transatlánticos que facían escala no peirao da Coruña e que transportaban emigrantes desde Europa a algún país de América do Sur, porque neles sempre viaxaba algún amigo, parente ou ex compañeiro da escola da aldea. Case todos eles viaxaban a crédito, co diñeiro que lle prestara algún usureiro, sempre coa garantía hipotecaria das leiras do pai ou dalgún outro familiar que se prestara a iso.

Deles as súas familias esperaban que, polo pronto, xiraran a España o máis axiña posible o diñeiro da viaxe e que, algúns anos despois, regresaran co seu inconfundible haiga, coa súa ostentosa pulseira de ouro e cos demais atributos do indiano americano; o prototipo de emigrante triunfador que aparece esplendidamente retratado na excelente película de Chano Piñeiro *Sempre Xonxa*. Pero estes emigrantes eran os menos. Os máis eran os que nin sequera puideran devolver o diñeiro da viaxe, e dalgúns nunca máis se volvía saber.

Contemplaba con horror aquel tráfico humano e as escenas de dor que se sucedían a propósito das despedidas: caras longas e rostros pálidos de noivas e esposas, nais abrazadas que choraban desconsoladamente. Cando, por fin, co seu seco e ronco asubío o barco anunciaba o comezo da manobra de desatraque, miles de panos axitábanse desde terra para dicirlles o último adeus a uns rapaces que tiveran que deixar o lugar no que naceron por outro afastado e incerto que nunca viron.

Ese é o fondo existencial da miña vocación polos estudos de economía. Tería preferido a filosofía, a bioloxía ou a medicina, pero lembraba o aforismo latino de “*primum vivere deinde philosophare*” (primeiro vivir, logo filosofar). Preocupábame o meu futuro pero preocupábame tamén o futuro dos meus conxéneres. O meu



futuro era tan incerto que eu pensaba tamén en emigrar unha vez concluídos os estudos. Para a maior parte dos rapaces da miña xeración o único futuro posible estaba máis alá do Atlántico.

### **Primeiros anos en Madrid**

Grazas ás bolsas concedidas como premio ás miñas cualificacións, tiven a sorte de poder colmar as miñas inquietudes sociais e as miñas preocupacións intelectuais. Na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade Complutense atopeime cun cadro de eminentes profesores e doutos mestres dos que aprendín moito. No Instituto Social León XIII, no que cursei estudos de ciencias sociais, e no Colexio Maior Pío XII, no que residín, completei a miña formación no plano social e humano. Á vez cursaba estudos na Escola Superior de Estatística para poder abordar o fenómeno económico con rigor desde a outra vertente: a da análise cuantitativa e empírica, que era daquela –e segue sendo hoxe– a liña de investigación predominante.

Lembro, como non, e os lembrarei sempre, os grandes mestres da Facultade de Económicas daquela época: Castañeda, Valentín Andrés, Fuentes Quintana, Ángel Vegas, Sampedro, Carlos Ollero, Figueroa, Alcaide, Albiñana, Varela Parache, Sardá Dexeus, entre outros. Aínda que dos seus libros e artigos todos aprendemos moito, non tiven a sorte de que me deran clase os profesores Rojo e Velarde. Incorporáronse (ou reincorporáronse, para ser máis exactos) pouco despois, cando eu aínda non concluía os estudos de licenciatura.

Pero hai dous profesores aos que lles quero dedicar nestes momentos un especial recordo. Un é José María Fernández Pirla, o meu director da tese de doutoramento, de quen aprendín moito nas materias de Economía da Empresa e Contabilidade; animoume e axudoume moito nos momentos difíciles da miña carreira académica.

O outro eminente profesor e gran mestre ao que lle quero dedicar un especial e emocionado recordo é don Gonzalo Arnaiz Vellando, o meu profesor de Estatística e Investigación Operativa, e o presidente do tribunal das oposicións nas que eu accedín no ano 1970 á condición de catedrático de universidade, como se di agora. Gonzalo Arnaiz era a ética do rigor e a elegancia pola súa dedicación e entrega e polo seu permanente afán de estar ao día, e del aprendín moito non só no plano científico-técnico senón tamén –pola súa seriedade, independencia e sentido da xustiza– no aspecto humano. O seu exemplo anímame a seguir traballando cada día nunha universidade na que profesores coma el constituíron un luxo que en moi contadas ocasións, creo eu, a universidade española puido permitirse.

### **Os anos de posgraduado**

Desde o ano 1964, en que terminei os estudos de licenciatura, ata o ano 1970, mentres daba os primeiros pasos na carreira académica e redactaba a miña tese de

doutoramento, agás breves períodos de estadía no estranxeiro, residín no Colexio Maior Menéndez Pelayo e na Residencia Universitaria San Alberto Magno. Estes anos foron para min sumamente enriquecedores desde o punto de vista intelectual non só porque me permitiron afondar nas miñas principais áreas de especialización –teoría da empresa, investigación operativa e economía financeira– senón tamén porque nas institucións polas que pasei como profesor e nas que residín puiden coñecer e forxar lazos de amizade con novos profesores e investigadores das máis variadas procedencias: desde a filosofía e a teoloxía ata a física e a bioloxía, pasando pola ciencia xurídica, a historia, a literatura e a lingüística ou a medicina. Novos investigadores, profesores e opositores que na súa maior parte son hoxe (ou foron xa) persoeiros relevantes do mundo da ciencia e da cultura, da Administración Pública, da empresa privada ou da política.

Lembro con especial admiración e afecto desta época a Sixto Álvarez Melcón, José María Gondra, Luis García San Miguel, Rafael Puyol, José Luis Moralejo, Luis Pablo Rodríguez, Pedro Solbes, Luis Sánchez-Harguindey, Manuel Coma, Juan Castillo, Núñez de Prado, Alfonso Vázquez, Jesús Fuente Salvador, Carlos Roura, López de Silanes, López Díaz, os irmáns Vázquez Guillén, Manuel Martín, os irmáns de la Torre Prados, Carlos Egea, Aurelio Arteta, José Luis Roselló, Francisco Gadea, Jesús Urías, Ángel Viñas, Miguel Ángel Vegas, Eugenio Estévez, José Luis Méndez, José María Nebot, os irmáns Gobernado, Fernando Villamil, Fernando Preciado, Francisco Simón, Vitorio Magariños, Ángel Luis González, José Manuel Oña Navarro e Antonio García Abad, entre os que aínda están. A Ángel Sáez Torrecilla, Manuel Millán, José Ventura Feijóo e Alfredo Deaño, entre os que xa non están. Todos levamos connosco algo dos nosos amigos. No meu caso é moito o bo que aprendín de todos eles.

Lembro con nostalxia desta época as charlas de sobremesa, os faladoiros de café e os acalorados debates de contido multidisciplinar que con frecuencia se organizaban para reflexionar en voz alta sobre algúns dos grandes temas do momento.

#### **A economía e o saber científico xeral**

Á economía eu sempre a concibín como formando parte do saber científico xeral. Detrás da racionalidade económica está a racionalidade humana e a realidade físico-natural que a condiciona. Ao home non lle abonda coa satisfacción das necesidades máis elementais ou primarias. Máis alá do inmediato están sempre os grandes temas, os grandes interrogantes, a súa permanente insatisfacción e a súa curiosidade infinita.

O saber científico, segundo é entendido modernamente, aparece cando o *logos* –a razón– substitúe ao mito na tarefa de explicar a realidade en toda a súa complexidade, cando a idea de arbitrariedade é substituída pola de necesidade; isto é, cando se chega á convición de que as cousas suceden cando e como teñen que suceder. Iso tivo lugar na Grecia clásica, arredor do século V antes da actual era, e constituíu un dos máis importantes logros da cultura europea.

Co Renacemento o progreso científico experimenta un considerable avance que culmina no século XVII. A idea fundamental de Francis Bacon é que o home pode dominar a natureza e que o instrumento máis adecuado para iso é a ciencia. Co Renacemento comeza a modernidade e o home volve situarse no centro do universo.

Coa Ilustración, que se desenvolve durante o século XVIII –o denominado Século das Luces–, o home alcanza a súa maioría de idade intelectual. “*Ten o valor de servírte do teu propio entendemento*”. Nestas palabras de Enmanuel Kant queda graficamente expresado o carácter autónomo da razón ilustrada.

Detrás dese *logos* que inspirou o desenvolvemento da historia europea –ou en medio del, como parte substancial deste– estivo sempre a racionalidade económica, á que dá contido o inacabable proceso de adaptación ou acomodación dos escasos medios dispoñibles aos fins desexados da maneira máis satisfactoria.

### Medios e fins en economía

Como de maneira tan perspicaz como brillante advirte Ludwig von Mises na súa obra *A acción humana. Un tratado de economía* (1949): “*Os medios non aparecen como tales no universo; no mundo que nos rodea existen só cousas determinadas. Unha cousa convértese en medio cando a intelixencia humana advirte a súa idoneidade para alcanzar un certo fin, servíndose, efectivamente, dela a acción humana para alcanzar o dito propósito. O home, ao pensar, advirte a utilidade das cousas, é dicir, a súa idoneidade para alcanzar os fins apetecidos e, ao actuar, vén a convertelos en medios*”.

Denominamos fins en economía ás motivacións ou propósitos da acción humana. Os fins en economía son tan variados e ilimitados como as necesidades que o home pode sentir e as cousas que é capaz de imaxinar e ambicionar. O verdadeiro en economía non é o todo, no que a multiplicidade de realidades persoais quedan disoltas, o verdadeiro en economía é o “eu” persoal, que é en primeiro termo liberdade para pensar e actuar. O home é un inacabable proxecto, “feitura” ou “invención” da súa absoluta liberdade, segundo proclama o existencialismo; o que ocorre é que, ao actuar, o home descobre o outro, limitador ou amplificador da súa propia liberdade de pensar e actuar, segundo se mire; é precisamente nas súas relacións cos outros cando o fenómeno humano se manifesta en toda a súa plenitude. O todo en economía é froito da cooperación, da actuación individual na súa dimensión social; unha representación da condición social do home.

A economía é a ciencia que se ocupa da utilización de medios escasos susceptibles de usos alternativos, segundo unha das definicións máis coñecidas. A economía foi definida tamén como a ciencia da riqueza, a ciencia da administración dos recursos escasos, a ciencia que trata da produción ou intercambio dos bens e servizos necesarios para a satisfacción das necesidades humanas. A necesidade da economía como organización xurdiu no momento mesmo no que o home tivo que contar con outros homes para realizar cometidos de índole individual ou colectiva que illado na súa soidade en modo ningún podería ter alcanzado.

### A racionalidade en economía

Ser racional en economía consiste en identificar as posibilidades de acción que poidan producir os resultados desexados e en elixir aquelas que máis conveñan. Organizar consiste en relacionar medios con fins e en asignarlle a cada persoa o cometido máis idóneo e un tempo para realizalo. Os obxectivos que perseguen os individuos ou os grupos de individuos nos niveis baixos e medios do organigrama son sempre subobxectivos de obxectivos máis xerais. Ser racional en economía significa relacionar as accións presentes coas consecuencias futuras e, xa que logo, a posibilidade dun certo control do mundo.

As estruturas das organizacións son os mecanismos ideados polo home para que esa racionalidade poida facerse efectiva. Se non existiran estruturas e os que mandaran non puideran facerse obedecer, ningunha racionalidade en economía sería posible. Ou mellor dito, non sería posible ningunha racionalidade que quixera ir máis alá da racionalidade da *lei da oferta e da demanda*, da racionalidade que comporta a satisfacción das necesidades máis elementais ou primarias por medio de intercambios bilaterais no mercado aberto, nun mercado –coma o descrito por Adam Smith (1776) na súa obra *A riqueza das nacións*– no que aínda non apareceran as grandes empresas modernas.

Todo cadro, mando ou directivo necesita unha certa marxe de autonomía de decisión para exercer a súa función. Denomínase *xefe* ou *autoridade* a persoa que ten a facultade de supervisar ou controlar outras persoas, a quen lles pode dar ordes e instrucións e obrigar a que se cumpran. Para que un bo xefe poida demostrar a súa competencia ten que ter a posibilidade de equivocarse. Pero para que un bo xefe poida facerse obedecer, o seu medio ten que estar estruturado. As estruturas das organizacións definen os límites e as condicións de posibilidade da racionalidade. Son os máis maravillosos enxeños ideados polo home para superar a súa limitada capacidade física e mental.

O home foi substituíndo lenta e gradualmente o medio natural, no que xurdiu como especie vivente, por un espazo organizado, dominado por unha pluralidade de aparatos e sistemas técnicos, no que todo ou case todo é novo ou artificial. Como advirte Manuel García Pelayo na obra *Burocracia y tecnocracia* (1974): “*Estas instrumentalidades y sistemas técnicos se hallan articulados a nosotros mismos en una relación cuasi orgánica, razón por la cual el fenómeno ha sido definido como «prótesis generalizada» o como «proceso metabiológico» que marca una nueva era en la evolución del género humano, en la que los nuevos artefactos y sistemas técnicos forman parte del organismo humano como la coraza en los crustáceos*”.

### Organización e xerarquía

As estruturas xerárquicas ou sistemas de autoridade formal danlles contido ás organizacións. Sen xefes as organizacións non poderían funcionar. Ninguén discute as virtudes da democracia como fonte de lexitimación da autoridade dos xefes; as súas virtudes non están claras, porén, cando se utiliza como sistema de xestión. A

democracia directa –o *grupo en fusión* de que nos fala Sartre– non é unha forma estable e duradeira de exercer o poder, unha verdadeira práctica de xestión. A subdivisión xerárquica non é característica peculiar –aclara, pola súa parte, Herbert A. Simon– das organizacións humanas; é común practicamente a todos os sistemas complexos que coñecemos. Esta idea, a de Sartre, cos seus matices e desde diferentes puntos de vista foi defendida por outros moitos autores como, por exemplo, Derrida e Paul Virilio, para quen a información en tempo real esixe unha rapidez de reacción que secuestra a democracia.

A organización é unha marabillosa creación humana, un dos máis grandes inventos de todos os tempos, a principal causa da riqueza das nacións. No mundo moderno os seres humanos vivimos inmersos en múltiples organizacións á vez que se superpoñen, solapan ou complementan e por medio das cales tratamos de lles dar resposta ás aspiracións e aos anhelos de todo tipo.

A organizativa é unha actividade esencialmente creadora e empírica. É o produto resultante dunha ordenación racional da interacción entre os seres humanos que comparten problemas, obxectivos ou valores comúns. O progreso económico ou social dos pobos depende máis da súa capacidade de organización para realizar en común actividades de interese social ou colectivo que do simple esforzo individual, por moi abnegado e importante que este sexa, cando ese esforzo é realizado de forma anárquica, sen contar co concurso de organizacións *ad hoc*.

### **A organización na humanidade primitiva**

Desde o momento en que o home primitivo deixou de moverse por impulsos primarios e fronte á hostilidade do medio deixou de ter unha actitude simplemente pasiva, concretamente desde que comezou a vestir con peles e a construír a súa propia vivenda para goremse do frío e demais adversidades e, sobre todo, desde o momento en que aprendeu a gardar os excedentes de alimento das épocas de abundancia para lle facer fronte ás posibles carencias das tempadas menos boas e soubo esperar a que o froito sementado xerminara, crecera e madurara, o home estaba comezando a emanciparse do seu medio natural. Todo iso tivo lugar coa revolución neolítica, que comprende aproximadamente o período de tempo que vai desde o ano 9000 ao 2000 a.C.

Toda especialización ou división de funcións (división do traballo, en suma) conduce inexorablemente ao intercambio, ben sexa un intercambio voluntario coas familias e tribos veciñas para ceder cada unha as cousas que lle sobran a cambio das que lle faltan, ou ben sexa un intercambio coactivo entre os membros dun mesmo grupo, imposto por un xefe superior con facultades para iso. Nesta dobre función protectora e redistribuidora dos xefes primitivos atópase, segundo algúns antropólogos, a verdadeira orixe do Estado moderno. Nos primeiros intercambios voluntarios da humanidade primitiva está a orixe do mercado.

### **Organización e linguaxe**

A linguaxe é o atributo máis característico da condición humana. Cando estudamos a linguaxe achegámonos ao que poderíamos denominar a *esencia humana*. A diferenza das linguaxes infrahumanas, a linguaxe humana constrúese a partir de sons cuxa forma e significado non están xeneticamente programados nin tampouco gardan relación ningunha, salvada a excepción dalgunhas palabras onomatopeicas, co concepto ou coa idea á que se refiren. De aí que entre os humanos existan tantas e tan diferentes linguaxes.

Ao igual cá actividade organizativa, a linguaxe humana é esencialmente interacción. Estudos recentes demostraron que os nenos non aprenden a falar oíndo falar aos seus maiores ou escoitando a televisión. Só aprenden a falar os nenos por aproximacións sucesivas e interactuando con outras persoas.

A linguaxe humana é tamén unha actividade creadora. Este aspecto creador do uso normal da linguaxe é un factor fundamental que distingue a linguaxe humana de calquera outro sistema de comunicación animal.

### **Organizar fixo ao home**

Fronte á convición do biólogo español Faustino Cordón na súa suxestiva obra *Cocinar hizo al hombre* (1980) de que “*la palabra y, por tanto, el hombre, que se define por su facultad de hablar, sólo ha podido originarse en homínidos (sin duda ya muy evolucionados en el manejo de los útiles), precisamente cuando se aplicaron a transformar, con ayuda del fuego, alimento propio de otras especies en comida adecuada para ellos*”, eu sosteño a tese máis xeral, porque incluso para a práctica da actividade culinaria se precisa tamén organización, de que *organizar fixo ao home*. Se as fórmulas organizativas humanas son moito máis variadas e flexibles cás utilizadas por determinadas comunidades animais, iso débese sen dúbida á propia natureza da linguaxe humana, moito máis creativa e flexible ca calquera outra.

### **Organización e progreso**

O que distingue e engrandece os pobos é a súa capacidade de concibir e consumir a relación de grandes tarefas ou obras colectivas que redunden en beneficio de todos ou da maioría dos seus habitantes. Sen organización non tería sido posible erixir os grandes imperios da antigüidade, nin construír as pirámides exipcias, o Partenón grego ou as grandes catedrais do medievo. Sen ela tampouco non tería sido posible descubrir América no ano 1492 ou que o home puxera o pé na Lúa no ano 1969.

O Estado moderno é tamén un logro da racionalidade administrativa (ou organizativa). Unha racionalidade que vai máis alá da racionalidade egoísta e individualista do *homo economicus* ou racionalidade do mercado.

### **O valor das cousas e o mercado**

O valor das cousas depende sobre todo do uso que os outros ou nós con eles facemos delas. Nada nin ninguén vale nada se non é en función da utilidade que poida ter para outros. O progreso económico e social leva aparelhada unha instrumentalización profunda, unha mediatización xeneralizada das cousas e das persoas. Isto é o que, de forma un tanto desesperada, fixo exclamar a Humberto Eco: “*Significo algo para os demais; daquela non existo*”.

Esta idea de Eco está moi en consonancia co sostido por teólogos do Século de Ouro español, quen consideraban como fitos principais no camiño da perfección a contemplación e a cesación na utilización dos medios, o que conducía segundo eles á nada. Desde a óptica utilitarista, as cousas, materiais e inmateriais, e mesmo as persoas só valen cando son susceptibles de seren utilizadas para cometidos concretos e debeñen en medios. Con esta instrumentalización profunda de todo e de todos, o home deixa de estar situado no centro do universo, deixa de ser un fin en si mesmo e deixa tamén de constituír a medida de todas as cousas, segundo sostén o grego Protágoras no século V a.C. O progreso económico, tal e como se entendeu no mundo occidental durante as dúas últimas centurias, supuxo, queiramos ou non recoñecelo, un progresivo envilecemento da condición humana.

O mercado, que si debe estar na base de todo sistema de organización social, é un mecanismo fundamental de asignación de recursos e coordinación da actividade económica. É unha protoorganización que permite a presentación e a libre circulación dos bens e servizos susceptibles de seren utilizados na satisfacción das necesidades humanas, de índole individual ou colectiva, e que fai posible, en consecuencia, fixarlle uns prezos que sexan expresión da súa utilidade e escaseza circunstanciais.

Pero aínda que permiten fixar prezos, non é o mercado quen crea o valor das cousas. Como dixo o poeta Antonio Machado, só o necio confunde valor e prezo. Nin tampouco o valor é algo que as cousas leven incorporado intrinsecamente. O concepto de valor en economía é un concepto mediático. Xorde nas cousas cando o home advirte a súa idoneidade para a satisfacción das súas necesidades; e acrecéntase en xeral ou cambia drasticamente cando a través de organizacións colectivas, a modo de grandes aleróns ou xigantescas escaleiras, o home transfigúrase e elévase sobre a súa propia realidade, embarcado en proxectos cada vez máis complexos e ambiciosos, que polo momento xa lle permitiron alcanzar algunhas estrelas ou reproducir artificialmente a fusión nuclear que está tendo lugar no interior do astro sen cuxa luz as nosas vidas non terían sido posibles.

### **O destino final da historia**

A economía é unha ciencia de deseño. O enxeñeiro diseña aparatos e instrumentos técnicos; o economista diseña institucións e sistemas sociais de convivencia. O deseño dunha sociedade ideal –perfecta– foi a grande utopía, o soño eterno

do home. Coa Ilustración iniciouse a era dunha escatoloxía profana: salvar ao home neste mundo. O marxismo promete como destino final da historia unha sociedade sen clases nun paraíso socialista. Con bastante anterioridade, o cristianismo, máis cauto, tamén prometera o paraíso, pero despois da morte, no outro mundo.

Co afundimento do sistema comunista e coa fin da guerra fría, o capitalismo liberal de occidente quedou sen alternativa como forma de organización económica e social, segundo sostén Francis Fukuyama no seu provocativo artigo “A fin da historia” (1989). Esta mesma tese é desenvolvida posteriormente polo propio Fukuyama (1992) no seu libro *A fin da historia e o último home*.

Para o cristianismo, a primeira doutrina que predicou a igualdade entre os homes, a historia é un proceso finito, que comeza coa creación do home por Deus e que remata o día do xuízo final.

Para Kant, Hegel e Marx a historia ten como propósito final implícito a realización da liberdade humana. Nas nacións gobernadas por tiranos só un era libre; en Grecia e en Roma eran libres uns poucos; nas democracias liberais occidentais son libres todos. Unha vez conseguida a liberdade para todos co triunfo do sistema liberal capitalista, proclama Fukuyama, acabouse a historia.

Como sinala Michel Foucault na súa obra *As palabras e as cousas* (1966), o gran soño dun remate da historia é a utopía dos pensamentos causais. A mesma idea da que partiu Nietzsche para proclamar a morte de Deus e o errar do último home.

De acabarse a historia habería que falar tamén da fin da economía. O mercado por medio da *lei da oferta e a demanda*, a modo e maneira da lei da gravidade en física, sería o mecanismo xeral e definitivo de asignación de recursos e coordinación da actividade económica. A partir deste momento estaríamos de máis non só os economistas senón tamén os políticos e mesmo o propio Estado.

Non podemos nin debemos resignarnos a aceptar que esta nova era de idolatría mercantilista e de globalización da economía sexa un fenómeno inexorable contra o que nada poden facer nin os políticos nin os economistas. A xeneralización do libre comercio está erosionando a base económica das democracias máis avanzadas de occidente. O réxime de libre comercio conduce a que unicamente sobrevivan non só os máis eficientes senón tamén os máis heroicos. Produce unha igualación, pero por abaixo. Ao final só sobrevivirán os que sexan capaces de competir con quen están dispostos a loitar a morte por un prato de arroz.

Ante semellante estado de cousas serán moitos os desertores da orde económica imperante. Como alternativas só lles quedan as do roubo e a mendicidade. E non haberá cárceres nin albergues de caridade para todos.

Soa moi ben iso de defender o mercado e a libre competencia, co argumento de que é o único sistema que permite que triúnfen os que máis valen, cando un está entre os mellores. Porén, cando un ten unha minusvalía física ou psicolóxica ou, simplemente, lle toca estar entre os perdedores deste xogo de tipo darwiniano, a melodía soa xa moito peor. Parece razoable darlle máis a quen máis vale ou máis o merece. Non parece razoable nin ético nin estético, calquera que sexa o lado do que



se mire, deixar que podrezan ou mandar á fogueira a quen lles tocou perder ou simplemente non puideron participar nesta gran competición. O deseño dunha orde social medianamente equitativa e habitable pasa, botando man do argot deportivo, por que haxa trofeos para os gañadores e tamén premios de consolación para os perdedores.

É unha constante na historia de occidente desde a primeira revolución industrial, a finais do século XVIII, o continuado aumento da produtividade do factor traballo. A medida que o home puido dispoñer de ferramentas, máquinas e instrumentos técnicos máis poderosos, cada vez foron necesarias menos persoas para fabricar todas as cousas que a sociedade necesitaba. Os empresarios que acertaron con maior rapidez a substituír homes por máquinas foron os que obtiveron maiores ganancias. A crecente mecanización e posterior automatización dos procesos produtivos que aforraran man de obra foi alentada polas propias empresas co fin de abaratar custos e incrementar as súas ganancias.

Deseguida a orde económica de mercado tivo que enfrontarse á súa primeira gran contradición. A menor volume de emprego, menor masa salarial e menor capacidade de gasto da poboación traballadora. Ao non poder as empresas darlles saída aos artigos que fabricaban, as crises de superproducción comezaron a sucederse e o sistema a cambalearse, ata que chegou o gran *crack*, a crise económica do ano 1929, da que se dixo que lle custou á humanidade máis cás dúas guerras mundiais xuntas e que foi o causante en boa medida do estoupido de ambas as dúas. Foi daquela cando o Estado tivo que vir en socorro do mercado e así funcionamos no mundo occidental bastante ben e ata hai ben pouco, xusto cando os Estados nacionais comezaron a facer augas polos déficits excesivos, o endebedamento irresponsable e a corrupción xeneralizada.

Desde que a mediados do século XVIII comezou a actual civilización industrial, as crises económicas foron sempre por exceso de produción. Resulta paradoxal que fora a abundancia, xa que non a penuria ou carencia, a causante das grandes hecatombes económicas. O mercado revelouose como o mecanismo máis poderoso desde o punto de vista da eficacia produtiva, e o máis ineficaz polo lado da distribución ou reparto do produto social xerado. Aínda máis, o libre discorrer das forzas do mercado conduce inexorablemente á creación de desigualdades que son permanente fonte de conflitos. A historia e o sentido común ensínannos que unha sociedade ben ordenada necesita mecanismos de acción colectiva alternativos que resolvan o problema da distribución ou corrixan a que resulta do libre discorrer das forzas do mercado, mecanismos que se ocupen non só dun equilibrado reparto da renda e da riqueza senón tamén do tempo de traballo.

A nova revolución industrial na que nos atopamos inmersos, a denominada *revolución da intelixencia*, está levando a que cada vez sexan necesarias menos persoas para fabricar todas as cousas que a humanidade necesita. Estase vivindo un momento histórico excepcional, marcado pola gran revolución das tecnoloxías para o tratamento da información. Só unha reducida porcentaxe do actual cadro de persoal laboral terá traballo no futuro. Serán traballadores moi selectos, moi ben for-

mados e pagados, capaces de traballar con máquinas moi sofisticadas, os que teñan traballo no futuro. O problema está aí e a súa solución require responder estas dúas preguntas: que facer con todos os traballadores que sobran?, como repartir as ganancias xeradas polas novas tecnoloxías?

O home moderno veu desempeñando tres roles ou papeis principais na nova sociedade que se configurou a partir da primeira revolución industrial: produtor, aforrador e consumidor. Pode suceder –é moi probable– que, nesta nova etapa de desenvolvemento da humanidade, aos grupos industriais e ás grandes corporacións multinacionais que se foron configurando e consolidando a partir do ano 1950 as funcións de produtor e aforrador do home moderno lles sexan cada vez menos necesarias, mais non así a súa función de consumidor. As fábricas teñen que dar saída ás súas producións e para poder comprar hai que ter diñeiro, a non ser que a sociedade futura se organice por estratos en dúas grandes castas: a dos privilexiados e todos os demais. Vivir nunha sociedade estruturada desa maneira non parece que vaia resultar moi agradable, aínda que un tivera a sorte de caer do lado dos primeiros, nin tampouco sería unha sociedade á que se lle puidera augurar un futuro minimamente estable e duradeiro.

As illas de prosperidade habitadas polos privilexiados terminarán por seren arrasadas antes ou despois polas vagas do mar da pobreza habitado polos desterrados deste mundo, que serían a gran maioría. Aínda que é verdade que debido á falta dunha clara conciencia de clase dos novos pobres, mendigos, parados tecnolóxicos e reconvertidos a situación podería prolongarse durante algún tempo, no longo prazo o desenlace sería, porén, inevitable. Abondaría simplemente co crecemento natural da marea no extenso mar da pobreza para que toda illa de prosperidade quedara sepultada calquera noite de lúa chea. O réxime económico de libre mercado no marco dunha democracia pluralista ao estilo occidental só poderá sobrevivir na medida en que sexa capaz de integrar a todos ou á maioría.

A hipótese da economía neoclásica dun crecemento económico ilimitado e de que a propia dinámica económica crea máis emprego do que destrúe parece ter chegado ao seu final. Problemas tan graves como o da superpoboación do mundo e a contaminación e destrución da natureza aí están, e non sería propio de seres intelixentes querer ignoralos por máis tempo. As catástrofes de Somalia e de Ruanda, e agora do Zaire, só son avisos do que pode suceder noutras moitas partes.

Hai que parar o reloxo e poñerse a pensar un pouco, todos xuntos, de forma organizada (isto é, de maneira racional ou civilizada). Ou cando menos que pensen un pouco quen teñen postos de responsabilidade nos Estados nacionais e nos organismos internacionais, os que teñen a sorte de ir no pelotón de cabeza desta carreira demencial. O Estado hai que refundalo e amañalo como sexa. Ao mercado non se lle pode deixar só. Un mercado sen contrapesos terminará por levarnos a todos ao desastre. E un Estado sen mercado, o mesmo, como moi ben coñecen os países de Europa do leste, Cuba e outros moitos que o padeceron nas súas propias carnes.

Hai que procurar conciliar ambas as dúas cousas: a eficacia produtiva coa xustiza distributiva. Por moita microelectrónica que haxa, moito chip, moita revolución

das tecnoloxías, son moitas as cousas que aínda quedan por facer. Para empezar abonda con mencionar o coidado dos nosos nenos e anciáns, a atención sanitaria, a limpeza das rúas das nosas cidades, a conservación da natureza e defensa do medio, todas as actividades relacionadas co entretemento e o lecer, o estudo e a investigación científica nese afán de superación permanente que nos caracteriza aos humanos, etcétera. Ao ser humano non lle abonda unicamente con ter para comer, necesita ademais sentirse integrado, útil para os outros e cos outros.

En todo isto, coma noutras moitas cousas, é moito o que teñen que dicir os movementos e asociacións cidadáns, as organizacións non gobernamentais, as entidades non lucrativas de todo tipo, as organizacións relixiosas, as asociacións culturais, ademais dos sindicatos; un amplo sector que non é nin mercado nin sector público e que cada vez ten maior peso nas sociedades occidentais. É o denominado terceiro sector ou sector de economía social que está chamado a desempeñar no próximo futuro un activo papel na vertebración da sociedade civil; un sector que pretende dar resposta ás necesidades dun considerable número de persoas –dunha ampla franxa de poboación que vai en aumento– ás que o Estado non chega e o mercado deixa fóra.

As institucións que lle dan contido a este terceiro sector son froito da iniciativa popular, privada. Xorde de abaixo arriba e serven de ponte ou colchón (e mesmo de revulsivo) entre o mercado e o Estado. Estas iniciativas, xunto coa xenerosidade e o altruísmo dun voluntariado cada vez máis numeroso, en especial entre os novos, autorizan a esperanza de que o mundo aínda pode ter solución.

### **Economía e creatividade**

Mentres o home teña imaxinación –soñe, ambicione, fabule...– nin a economía nin a historia poderán deterse. O que sucede é que, co fracaso dos réximes comunistas nos países de Europa oriental e noutras partes do mundo, a dinámica social quedou momentaneamente sen motor. Iso supuxo para unha gran parte da humanidade a gran decepción.

Mentres existan pobres e inxustizas sociais no mundo e os homes teñamos sentimentos, o economista non pode permitirse o luxo de arrombar no baúl dos recordos a súa función de arquitecto social, máis necesaria probablemente agora do que en ningunha época histórica precedente. Todos estamos un pouco fartos de tanta enxeñería financeira, de tantos escándalos e trampas contables, dos golpes de man de persoas sen escrúpulos e dos roubos multimillonarios de guante branco. A enxeñería financeira, segundo se entendeu modernamente, de maneira impropia por certo, ten que deixarlle paso á enxeñería social.

A economía vista coma un todo circunstancial e temporal é, en último termo, unha representación, entendida esta –no sentido de Schopenhauer– como a forma do mundo que é froito das manifestacións da vontade; unha representación da condición social do home nunhas circunstancias concretas de lugar e tempo. Representacións económicas que, ao igual que ocorre coas representacións artísticas, se su-

ceden as unhas ás outras, e nas cales non poden faltar nunca nin a imaxinación nin a fantasía.

#### **A modo de conclusión**

No sufrimento dos demais, na alteridade ou epifanía do outro, no recoñecemento dun mesmo no outro e a identificación con el, nos sentimentos máis fondos e nas sensacións máis nobres que latexan no corazón de cada un de nós debe estar, na miña opinión, a orixe de toda preocupación económica. Porque para min a economía é tamén poesía, a poesía dos pobres e desherdados, como o *Canto general* do poeta Pablo Neruda.

Na confrontación da nosa grandeza coa nosa miseria radica a esencia da condición humana, o xogo supremo da verdade, da nosa verdade: a de querer vivir máis alá de nós mesmos, cos outros, para vivir con eles e mesmo desvivirnos por eles no inacabable proceso de transmutación persoal e metamorfose social.

E nada máis, señores. Moitas grazas agora pola paciencia que tiveron de escoltarme e pola atención prestada.

Dixen.